

ELPROGRESO

As venturas e desventuras de Caldaloba na pluma dun trobador do século XXI

Xosé Otero Canto asina o 'Drama histórico de Dona Constanza de Castro', unha obra de teatro en verso, publicada polo Concello de Cospeito, na que reconstrúe a caída do castelo de Vilaxoán, feito que, segundo din, marca o remate da Idade Media en Galicia.

[Cristina Pérez](#)

1 de xullo de 2026

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/trobador-do-seculo-xxi/202606301618271982365.html>

Se houbese que buscar un trobador moderno, ese ben podería ser o profesor e poeta **Xosé Otero Canto**, quen no seu último libro conta o que moitas voces defenden coma o final da **Idade Media en Galicia**. *Caldaloba. Drama histórico de Dona Constanza de Castro* é unha obra de teatro en verso que, empregando linguaxe da época, relata a caída do castelo de **Vilaxoán**, en **Pino** ([Cospeito](#)).

*Escoitade, feirantes
o que vos vou relatar
acaecido e garante
no que eu poida atestar*

Fala unha soldadeira nun soleado e frío día de decembro de 1483 na **Feira do Monte**, nun día de feira. Narra a morte do **Mariscal Pardo de Cela** e a caída da **Frouseira**, o comezo do fin, contado e cantado ao son dunha zanfona.

Por alí pasan, naquel intre, **Constanza de Castro**, filla do Mariscal, e o seu home, **Fernando Ares de Saavedra**, no seu camiño cara a Caldaloba, o último reduto. Logo dunha arenga de Fernán, resoa entre feirantes e valuros:

*Loitemos pola esperanza.
Loitemos para ganar.
A Caldaloba coa espada
habémola amparar.
Defendamos as muradas.
Fagámonos repectar .*

O **segundo acto** traslada ao lector (ou espectador) xa á Torre da Homenaxe. Fernán e Constanza xogan ao xadrez. Fóra, está a piques de comezar o que foi unha longa partida de resistencia, con

Caldaloba asediada durante máis dun ano por tres grupos de tropas distintas: dos **Reis Católicos**, dos **Andrade** e de **Álvaro González de Ribadeneira**. Só sobreviviron catro persoas no castelo: Fernán, ferido e posteriormente desterrado, e tres escudeiros. Todo o patrimonio confíscase e véndese. Constanza morreu:

*Veume unha disentería
que ninguén debe saber,
eu no sei de que sería
nin onde a puiden coller
sospeita a alma miña
que de o alxibe ao beber
a auga ten meiguería
e leva á xente a morrer*

O **terceiro e último acto** pon o foco nunha das personaxes máis descoñecidas. **Sabela de Castro**, muller de Pardo de Cela e nai de Constanza. Otero Canto escolle as **décimas**, que "**Lope de Vega** dicía que eran moi boas para reflectir a pena", para trasladar o seu sufrimento, case na indixencia e soa no castelo de **Castromaior** ([Abadín](#)):

*Eu son a miña Galiza
son a Galiza que chora*

Di Isabel, mantendo unha raioliña de ilusión polo devir futuro:

*A unidade que nos falta
algún día non achegado
fique en nós como esperanza
e abrollando como fonte
saia do ser e renaza*

Tras todos os feitos que relata o libro e a caída de Caldaloba, "Galiza queda desfeita e comezan os séculos escuros", defende o investigador **Antón Xosé Meilán**, profesor emérito da **Universidade de Oviedo**, estudoso de Caldaloba e autor do limiar dun libro que define coma "unha gran obra de teatro sobre Constanza, ía sendo hora de que tivese unha obra literaria desta categoría", alabando "a arte literaria e o rigor histórico".

A historia puido ser outra

"Se en Caldaloba Constanza gañase e derrotase aos **Reis Católicos**, a historia deste país sería outra, seguiría sendo o **Reino de Galicia**", defende, incidindo na importancia dunha "obra maxistral tanto dende o punto de vista do que se conta como de como se escribe". "Está escrita en verso, a xeito da tradición trobadoresca medieval, o que entronca co patrimonio literario galego", incide Meilán, asegurando que "a intelixencia artificial non podería escribir" un libro que vai ser, asegura, "un referente na literatura".

Eses eloxiados versos complementáanse con ilustracións de **Macía**, quen destaca a fermosura da historia e apunta o esforzo feito por respectar ao máximo o rigor histórico nas ilustracións, se ben se tomou algunha licenza, como incluír unha bandeira galega.

Edición municipal

O libro, publicado polo **Concello de Cospeito**, é unha obra que "enriquecerá o noso patrimonio cultural", asegura o rexedor, **Armando Castosa**, quen incide en que a torre de Pino é máis ca

unha fortaleza antiga, sumándose á idea de que "a idade Media en Galicia acaba en Cospeito, acaba en Caldaloba".

Caldaloba. Drama histórico de Dona Constanza de Castro presentouse xa en Cospeito, nun acto amenizado por **Beteluma, Néstor González e Miguel Coira**, que contou con **Xulio Xiz** como mestre de cerimoniais.

E alí, o autor, arroupado por Macía, Castosa e Meilán, agradecía o apoio "de toda esta xente que teño arredor de min" e confirmaba a vocación trobadoresca da obra adiantando un tema inédito sobre Caldaloba que prepara **Francisco Fernández Muínelo**, de **Batital**, para un disco que viaxa dos trobadores aos poetas do século XXI.